



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE REACTIVACIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO VERÍN-VIANA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Mancomunidade de municipios da comarca de Verín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade Verín – Viana para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúa a realización das seguintes liñas de acción:

ACCIONES
1.-Optimización e mantemento do portal web e creación de perfís en RR.SS
2.-Creación de material audiovisual
3.-Deseño de rutas turísticas
4.-Deseño e produción de postais temáticas

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.-Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os concellos galegos terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación en común, de obras, servizos e actividades da súa competencia.

Que a Mancomunidade de municipios da comarca de Verín é unha entidade local non territorial integrada polos concellos de Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós. Dentro das súas competencias está a de información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local dos concellos mancomunados. A Mancomunidade contempla a posibilidade de colaborar para o desenvolvemento das actividades mencionadas neste convenio con outros concellos do xeodestino que non forman parte dela mediante convenios de colaboración específicos.

Terceiro.- Que co obxecto de promover o turismo no xeodestino Verín-Viana, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase ademais, no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia.

Cuarto.- Que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlanse na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

No Plan Estratéxico do Turismo 2020, de acordo co obxectivo estratéxico 5.5. Xeodestinos. Impulso a ordenación territorial turística de Galicia, na liña estratéxica 5. Cooperación na cadea de valor do turismo, a Axencia Turismo de Galicia desenvolve accións de apoio a aqueles xeodestinos que contan con organización para levar a cabo actuacións de promoción dos mesmos.

Quinto.-Que o confinamento xerado pola evolución epidemiolóxica da COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico sendo un dos sectores máis afectados pola crise. que As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nun ámbito moi supeditado aos desprazamentos, a mobilidade e á confianza dos mercados.

Co fin de dinamizar este sector o Consello da Xunta aprobou o pasado día 30 de abril de 2020, o *Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19* onde se recollen unha serie de medidas transversais para o impulso do turismo.

Que a través deste convenio, outórgase á Mancomunidade de municipios da comarca de Verín unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema



Xacobeo 2021

